actividades para a clase actividades para a clase activida

para a clase actividades para a clase **actividades**

**para a clase** actividades para a clase actividades

para a clase actividades para a clase actividades para

clase actividades para a clase actividades para



PlanLector

rodeira

Nome ............ Data ............

**1** Sinala a opción máis correcta e razoa, en cada caso a túa elección.

> Pensa que para iso debes ter en conta a globalidade do relato. É dicir, tes que centrarte nos aspectos xerais da obra lida, máis que nos detalles particulares.

✱ O texto que liches trata...

- [ ] ...da explicación de cada unha das fotografías que pega nun álbum a protagonista.

______________________________

______________________________

- [ ] ...das relacións dunha adolescente co mundo que a rodea.

______________________________

______________________________

- [ ] ...das reflexións dunha adolescente durante a súa enfermidade, a partir da confección dun álbum de fotografías e os recordos evocados.

______________________________

______________________________

- [ ] ...dos recordos e sentimentos dunha nena de trece anos que está doente.

______________________________

______________________________

- [ ] ...dos problemas típicos entre adolescentes.

______________________________

______________________________

- [ ] ...do descubrimento do primeiro amor por parte dunha adolescente que está pegando fotografías nun álbum.

______________________________

______________________________

Nome ........ Data ........

✸ A técnica narrativa utilizada neste relato é...

- [ ] ...unha mestura de diálogo de personaxes e monólogo interior.

- [ ] ...un diario persoal que escribe a protagonista, unha adolescente doente.

- [ ] ...unha mestura de narración, descrición e monólogos internos.

- [ ] ...unha alternancia de narración en primeira e en terceira persoa, segundo o capítulo de que se trate e segundo o seu contido.

- [ ] ...unha mestura de imaxes (álbum de fotos) e de diario persoal (o texto escrito por Branca, a protagonista).

Nome ............................ Data ............................

**2** Responde as seguintes preguntas:

¿Por que a protagonista decide empezar a confeccionar un álbum de fotos?

¿Con que criterio decide colocar unhas fotografías si e outras non?

¿Por que conflito/s interior/es está pasando Branca mentres dura a súa enfermidade?

Nome ..................... Data .....................

**3** A través das reflexións que fai Branca ante as fotografías, o lector vai tomando conciencia de distintos aspectos da súa vida. Escribe SI ou NON, segundo percibas estes aspectos ao longo da lectura:

- [ ] Algúns recordos de cando era pequena: como era a súa familia, traslado de casa, problemas entre os pais...
- [ ] Os problemas que ten cos seus pais e irmán.
- [ ] Os problemas que ten no colexio por cuestión de estudos.
- [ ] O desexo manifesto de ser escritora cando sexa maior.
- [ ] O nacemento e consolidación da súa amizade con Lois.
- [ ] A evidencia dos cambios que sofre, tanto psicolóxicos coma fisiolóxicos.
- [ ] A preocupación pola situación que atravesa o seu amigo Lois.
- [ ] O desexo fervente de curar pronto e volver ao colexio.
- [ ] A valoración dos seus profesores ante as súas actitudes e comportamentos.

**4** Busca no texto do libro algún fragmento que faga referencia ás casiñas que marcaches cun SI na actividade anterior.

SI

_______________________________________________
_______________________________________________
_______________________________________________
_______________________________________________
_______________________________________________
_______________________________________________
_______________________________________________
_______________________________________________

Nome ........................................ Data ........................................

**5** Fai unha breve lista, por orde, das fotografías que Branca vai poñendo no seu álbum.

✸ Indica a que número de capítulo corresponde cada unha.

✸ Escribe, á beira, o título do capítulo.

| FOTOGRAFÍA | N.º CAPÍTULO | TÍTULO CAPÍTULO |
|---|---|---|
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |

Nome ............ Data ............

**6** Ao longo da lectura, fixácheste que o punto de vista do narrador é distinto: algúns capítulos están escritos en primeira persoa e outros en terceira persoa. Responde as seguintes preguntas.

Para iso, ten en conta as respostas da actividade anterior.

- ¿Cales están escritos en primeira persoa?

- ¿Cales en terceira?

- ¿Por que se produce este cambio de narrador? ¿Que ten que ver co desenvolvemento da acción?

- ¿Como afecta á percepción do lector a presentación dos feitos narrados en primeira ou en terceira persoa?

Nome ..................... Data .....................

Completa coa única opción correcta:

**O narrador que narra en primeira persoa corresponde a...**

- [ ] ...un dos personaxes do libro.
- [ ] ...un narrador alleo ao desenvolvemento dos feitos, que o sabe todo e o conta coma se o estivese vendo desde fóra.
- [ ] ...A voz interna de Branca que conta o mundo tal como o ve e o sente; todo iso evocado a partir do feito físico de contemplar unha fotografía.
- [ ] ...un narrador que coñece perfectamente todo o que lle pasa a Branca.

**O narrador que narra en terceira persoa...**

- [ ] ...corresponde a outro personaxe do relato que non é a protagonista.
- [ ] ...é Lois do Pombal, o mellor amigo da protagonista.
- [ ] É un narrador omnisciente, é dicir, alleo ao desenvolvemento dos feitos, que o sabe todo e o conta coma se o estivese vendo desde fóra.
- [ ] Corresponde ao escritor do libro e escribe en terceira persoa para non cargar o relato de demasiado ton intimista.



**7** O relato que liches está escrito en ton intimista. ¿Por que?

- [ ] Porque está escrito, maioritariamente, como un diario íntimo.
- [ ] Porque hai moito monólogo interno.
- [ ] Porque se contan moitas intimidades.
- [ ] Porque predomina a descrición de sentimentos, percepcións e sensacións internas.

Nome ........................ Data ........................

**8** Tomando como punto de partida as primeiras fotografías, explica, brevemente, como evolucionaron os sentimentos de Branca cara a estes personaxes en dous momentos distintos da súa vida:

| NUN MOMENTO PASADO (CANDO SE FIXO A FOTOGRAFÍA): | NO MOMENTO PRESENTE (CANDO DECIDE INCORPORAR A FOTO AO ÁLBUM): |
| --- | --- |

- Os seus pais.

- O seu amigo Lois.

- Xabier, o profesor de Lingua.

- A súa amiga Branca.

Nome ............ Data ............

**9** Relé o último capítulo e explica:

- ¿Séntese igual Branca ao comezo que ao final da súa enfermidade?

- ¿En que aspectos cambiou?

- ¿Como percibe ela esta evolución?

- ¿A que cres que se debe o cambio?

- Razoa as túas respostas.

Data ..........................

Nome ..........................

**10** Tendo en conta o libro que liches, pensa agora nas relacións cos teus amigos e amigas do colexio, cos profesores, cos teus pais... e responde as preguntas seguintes:

- ¿Identificácheste nalgún momento con algún dos personaxes?

- ¿Con cal?

- ¿Por que?

- ¿Atopaches no relato algunha situación similar a algunha vivida por ti?

- ¿Cal?

- ¿Recordas os teus sentimentos neses momentos?